


COSTA DESDE MUXÍA À PRAIA DE MOREIRA

Adela Leiro, Mon Daporta
xuño 2020




Distancia: 12 km (lineal)
Dificultade: alta

O concello de Muxía abrangue un amplo espazo de costa desde o fondo da ría de Camariñas ata a ría de Lires. Ten no seu litoral dúas caras diferentes á do interior da ría menos elevada, pero igual de recortada, con paredes rochosas e coídos, e numerosos seos e desembocaduras de regatos nos que se acumula a area que forma grandes praias, e o litoral exterior exposto, de altas pendentes, e sen apenas abrigos. Acolle un importante patrimonio natural protexido nos LIC/ZEC e ZEPA “Costa da Morte”.

Nesta ruta percorremos un tramo da costa exterior onde podemos gozar de espléndidas panorámicas da costa e gozar coas diferentes formas creadas pola erosión nos cantís, nas praias e nos coídos, onde ademais aparecen numerosas especies adaptadas a eses ambientes, algunhas de grande interese.

PERCORRIDO

Saímos de Muxía polo **Coído** e, por debaixo das casas, pasamos polas **Boucieiras** ata chegarmos ao seo e o coído que se atopa ao pé do **Boi Virón**, desde aí hai que subir á estrada e seguila ata o campo de fútbol, onde a volvemos deixar para pasar polo **Coído das Margaridas**, a **punta Arliña** e a **Embarrada**, ao abrigo da que hai unha pequena praia, para volver de novo á estrada ata chegarmos á altura do **areal de Lourido**. Ao longo deste tramo levamos á vista as puntas de Lourido, o Cachelmo e, ao fondo a Buitra. Baixamos ao areal de Lourido para percorrelo. No remate subimos para seguir pola beira do cantil, pasamos pola **Agra do Mar** e a **punta de Lourido** para baixar ao **Rego Escuro**, un pequeno seo con coído que se atopa na desembocadura do **regu Vadalaxe**; desde aquí hai que enfrontarse á subida, forte e recta, ao **Cachelmo**, un esforzo que paga a pena polas impresionantes panorámicas que se descubren desde aí, que, por unha banda, abranguen o camiño percorrido, a península de Muxía e A Barca, a ría de Camariñas e a costa exterior ata o cabo Vilán; e pola outra, o seo da Arnela, o monte e a punta Buitra e o cabo Touriñán. Seguimos o camiño, pero na volta de desviarnos á dereita para meternos pola baixada do Camiño dos Faros, aforramos o esforzo de botarnos por unha pendente perigosa para subir logo á estrada sen pasar por ningún sitio de interese, seguimos dereito e saímos á estrada para baixar por ela pola que ademais de facer un percorrido máis cómodo aforramos uns 300 m -Neste punto podemos facer un desvío (ida e volta) á **praia da Arnela**-.



O LIC **Costa da Morte** comprende o litoral coruñés desde Cabo Fisterra (Laxe de Corveiro) ata Arteixo (punta da Cancela), agás a maior parte da ría de Camariñas e as zonas próximas á áreas urbanas. É unha costa moi exposta, con grandes áreas ocupadas por cantís, illotes e baixos, onde dominan os ventos e a ondada. As praias son abertas e con bos sistemas dunares, agás algunhas situadas no interior de pequenas rías ou enseadas. Acolle zonas cun elevado grao de conservación dos valores naturais e dun grande interese paisaxístico, xeolóxico e cultural. O topónimo Costa da Morte ven dos numerosos naufraxios que tiveron lugar nas súas augas.



Puntas Arliña e Embarrada



Area de Lourido. Rego da Area.
Situada entre a punta Arliña e a punta de Lourido
no fondo dunha enseada abrigada. Ten un sistema
dunar moi ben conservado.



Vista desde a punta Langosteira: da praia de Lourido á punta da Buitra

.....
Logo chegamos á entrada da pista pola que percorremos o **monte da Buitra** ata á punta desde onde se repiten en parte as vistas que tivemos desde o Cachelmo. Seguimos a pista ata o final e logo o carreiro que primeiro sube ao cume e que logo nos vai baixando ao **coído de Cuño**, mentres imos descubrindo un mar inaccesible cunha longa liña de paredes nas que sobresaen pequenas puntas ata que nunha volta viramos para encontrarnos co **seo de Cuño** no que se acolle o coído. Percorremos o coído, cruzamos o rego e, pola outra beira un carreiro (estes días, despois de tanto tempo sen que ninguén pasara por el, case invisible) e unha costa longa e picante, lévanos ao **cume do Pedrouzo**, por enriba da **ribeira de Viseo**, cantís a pico de máis de cento cincuenta metros de altura, para logo botarnos polo monte abaixo cara á costa das Cabras e chegar a un camiño polo que facemos unha pequena remontada antes de desviarnos, para correr un novo risco de esnafradura, pola baixada á **praia de Moreira**.



O Boi Virón



Pedra Alta. Coído das Margaridas,



O Coído



Punta Boucieiras



Punta Langosteira. Illote Langosteira de Fóra.



35-Agra Mar



Punta de Lourido



Río Escuro. Rego Vadalaxe.




Punta e monte Cachelmo



Cume do Cachelmo e vistas cara a Muxía



Punta Cachelmo. O Brolo.



Seo, praia e rego da Arnela



Vista do costado leste do monte Buitra: desde a praia da Arnela ata a punta do Gato Pelado



Laxes Mouras



Punta do Gato Pelado



Punta da Buitra



Costado oeste do monte e punta da Buitra



Punta Pendente e illas Percebosas



Furna Ollomoleira e As Sambadas



Vista desde Punta Buitra cara ao sur



As Pías




Viste desde Os Penedos ata a punta Moreira




Os Penedos



Coído e rego de Cuño



Coído e rego de Cuño



Coído de Cuño na marea negra do Prestige



Punta da Bendita



O Petón Vermello



Ribeira de Viseo. Costa das Cabras.



Vista desde o Alto do Pedrouzo cara á punta da Boitra



Ribeira de Viseo. Costa das Cabras.



As Covas. Pedra Lobeira.



Praia de Moreira



Centaurea corcubionensis, planta endémica do litoral da Coruña



Puntas da Praia e Moreira. Pedra Salzario.